

NORMATIVA I TORNEO PÁDEL A BAÑA

I.- Ámbito. O I TORNEO PÁDEL A BAÑA é un torneo de pádel dirixido principalmente a xogadores amateur de pádel e suxeito ás seguintes normas básicas e, supletoriamente, as regras de cada torneo local ou da F.E.P.

A inscrición a este torneo supón a aceptación deste regulamento e das decisións que adopte o Comité Organizador do torneo, ademais da renuncia a toda reclamación polos danos que puidesen padecer os/as xogadores/as con motivo da súa participación.

II.- Desenvolvemento. O I TORNEO PÁDEL A BAÑA desenvolverase da seguinte maneira:

En cada categoría haberá un cadro principal e un cadro de consolación.

III. Participantes. Poderán participar no I TORNEO PÁDEL A Baña xogadores/as maiores de 14 anos que formalizasen a súa inscrición nos prazos previstos.

A verificación dos requisitos indicados será efectuada polo Comité Organizador do torneo. Apreciado o incumprimento de calquera dos requisitos polo Comité de Organizador, este poderá sancionar ao xogador/a ou parella infractora coa súa inhabilitación para acceder aos premios establecidos ou coa súa descualificación (con retirada inmediata) da competición

IV.- Categorías. O torneo integra as seguintes categorías, debendo contar cada unha delas cun mínimo de 8 parellas rexistradas:

- Categoría 2º masculina
- Categoría 3º masculina
- Categoría 2º feminina
- Categoría 3º feminina
- Categoría 2º mixta
- Categoría 3º mixta
- Categoría iniciación masculina
- Categoría iniciación feminina

A Dirección Técnica do Torneo poderá subir de categoría a aquelas parellas que o soliciten ou que non entren na categoría adecuada segundo o seu nivel de xogo.

V.- Sistema de Competición. Os xogadores ou parellas participantes integraranse nun só cadro para cada categoría. Os cadros de competición estruturaránse por partidos ao mellor de tres sets, con tie-break a 7 puntos se é necesario (empate a 6 xogos). A ausencia dun xogador/a ou dunha parella ou dun dos seus membros nun partido supoñerá, calquera que fose a súa causa (incluída a lesión fortuíta), a súa eliminación directa, agás na primeira rolda, na que o Comité de Competición poderá designar un substituto que, necesariamente, deberá cumprir os requisitos establecidos neste regulamento.

VI.- Comité de Competición. Designado polos organizadores, actuará como única instancia para liquidar calquera disputa que se suscite no I TORNEO PÁDEL A Baña , incluída a elección das normas da F.E.P. que consideren aplicables en cada caso.

VII.- Cambios. O comité de competición resérvase o dereito de modificar sen previo aviso, en parte ou na súa totalidade, calquera punto relacionado co torneo, categorías, regulamento, datas e campos

VIII Cadro e horarios: O comité de competición facilitará o cadro e os horarios do torneo 24 horas antes do inicio do mesmo. As persoas participantes deberán informar ao comité de competición no caso de non poder xogar o partido na hora indicada para posibles modificacións.